



21.12.09. TELEFONÍA MÓBIL, NADAL, CATIV@S E SAÚDE.

Un ano máis nestas datas de Nadal, ante a **publicidade indiscriminada de telefonía móbil dirixida a infancia e mocidade**, dende a APDR chamamos a prudencia e á cautela á hora de mercar **teléfonos móbiles a cativas e cativos**.

- Lembramos o consenso científico da maior susceptibilidade en infancia e mocidade aos efectos potenciais das exposicións electromagnéticas, plasmadas na [RESOLUCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO DO 02.04.09](#) na que ademais de solicitar a redución dos límites de exposición xeral a campos electromagnéticos minimizando a súa contaminación, **solicita medidas de información e protección da infancia e da mocidade denunciando** “determinadas campañas de comercialización dalgúns operadores de telefonía particularmente agresivas con ocasión das celebracións do Nadal e outras datas sinaladas como a venda de teléfonos móbiles destinados exclusivamente aos nenos ou as ofertas de *minutos libres* dirixidas aos adolescentes”

- Lembramos [as recentes chamadas a cautela da profesora Elisabeth Cardis](#), coordinadora internacional do estudo da OMS [Interphone](#) (o maior estudo epidemiolóxico sobre a relación potencial de telefonía móbil e cancro), presentando como conclusións preliminares «un risco significativamente maior» de padecer un tumor cerebral «relacionado coa utilización de teléfonos móbiles durante un período de dez anos ou máis», aconsellando: “restrinxir” o seu uso en nenos e «medios para reducir a nosa exposición» aos móbiles, como a utilización de dispositivos de «mans-libres» e o uso moderado destes aparellos.

Invitamos as autoridades sanitarias e medio ambientais a nivel central, autonómico e municipal a considerar, entre outras, as iniciativas francesas na aplicación dos consellos da Resolución do Parlamento Europeo mencionada:

A recen [prohibición no senado do uso de teléfonos móbiles en menores de 14 anos nos centros de ensino](#), por motivos de saúde,

O anuncio da Secretaría de Estado francesa para a Ecoloxía de [reducir a exposición aos campos electromagnéticos, en 16 cidades francesas, nas proximidades de estacións base de telefonía móbil ao límite de 0,1 microwatios/cm²](#) proposto polo [Bioinitiative Report](#) e apoiado pola [Axencia Europea de Medio Ambiente](#), tal e como solicitamos como APDR en Vilaboa, Pontevedra e no resto da provincia e tal e como se ven de aprobar no [Concello de Leganés](#).

Estas chamadas a cautela e especialmente as dirixidas a evitar ou limitar o uso do teléfono móbil en menores comezaron a nivel galego, en distintos centros de ensino da comunidade, da man do [Dr. José Carro Otero](#) (presidente da **Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia**) e foron continuadas a nivel provincial pola APDR coa colaboración da **Federación Provincial de ANPAs de Pontevedra**. (Ver folletos: [cara A](#) e [cara B](#))

POR UNA ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL

Por outra banda dende a APDR apostamos por un proceso participativo (con representantes de colectivos de afectados, veciñais, de nais e pais e ecoloxistas) [para elaborar ordenanzas municipais](#) baseadas no principio de cautela, que partindo da potestade inspectora e reguladora dos Concellos, recolla, dende o seu ámbito de competencias, ditos consellos proteccionistas rematando co caos e ilegalidade imperante e compaxine novas tecnoloxías e saúde..

Asdo.: Xulio Carmona, vogal da APDR